



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 269/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17 DE XANEIRO DE 2018.

- 1.- Acta da sesión ordinaria do 4 de xaneiro de 2018.

ASESORÍA XURÍDICA

- 2.- Dar conta da relación de Sentenzas e outras Resolucións xudiciais (relación 12/2017). Expte. 11189/111.
- 3.- Dar conta da relación de Sentenzas e outras Resolucións xudiciais (relación 13/2017). Expte. 11190/111.

BENESTAR SOCIAL

- 4.- Dar conta da relación de Altas do Servizo de Axuda no Fogar tramitadas durante os meses de febreiro a decembro de 2017. Expte. 89458/301.

CONTRATACIÓN

- 5.- Clasificación de ofertas para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo. Expte. 41785/444.
- 6.- Proposta para declarar deserto o lote 3 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de reparación da flota de vehículos do Concello de Vigo Expte.12659/445.
- 7.- Proposta de adxudicación para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "Vigo en Inglés 2018". Expte. 19872/332.

EDUCACIÓN

- 8.- Nomeamento de representantes municipais nos consellos escolares dos centros de ensino público de educación infantil, primaria e secundaria, para o ano 2018. Expte. 21661/332.

- 9.- Relación de expedientes de contratos menores tramitados polo Servizo de Educación no segundo semestre do ano 2017. Expte. 18809/332.
- 10.- Expediente de contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo. Expte. 350/613.

EMPREGO

- 11.- Bases reguladoras e convocatoria das “subvencións para o fomento do emprendemento e a consolidación empresarial a través do traballo colaborativo”- 2018. Expte. 14723/77.

FESTAS

- 12.- Dar conta da relación de contratos menores tramitados polo Servizo de Festas durante o mes de decembro de 2017. Expte. 7309/335.

RECURSOS HUMANOS

- 13.- Nomeamento interino, por acumulación de tarefas, de dous oficiais pavimentadores/as, dous oficiais ferreiros/as, dous oficiais fontaneiros/as, e cinco axudantes de oficios, por un período de seis meses para o Servizo de Vías e Obras. Expte. 30911/220.
- 14.- Nomeamento interino por acumulación de tarefas, dun oficial de instalacións municipais por un período de seis meses para o Servizo de Xuventude. Expte. 31029/220.
- 15.- Nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/unha Técnico/a Medio de Normalización Lingüística, por un período de seis meses para o Servizo de Normalización lingüística. Expte. 31081/220.

SERVIZOS XERAIS

- 16.- Proposta de aprobación do proxecto de “Humanización da Estrada Provincial 2002-Gran Vía Avda. Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avda. Arquitecto Palacios”. Expte. 3559/443.

TRANSPORTES

- 17.- Declaración de caducidade da licenza de taxi nº 371. Expte. 1314/449.
- 18.- Rogos e preguntas.



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 269/1102

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día **17 de xaneiro de 2018, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

JRB/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez